



CÁLCULO DA CORRECCIÓN DOS EXAMES TIPO TEST NOS PROCESOS SELECTIVOS

Accesos e quendas	2
Número de preguntas. Número de respostas alternativas.....	2
Preguntas de reserva	2
Cálculo de puntuación por respostas netas	2
Cortes parciais: parte xeral e parte específica	2
Corte global	3
Corte por cupo (límite de aspirantes que superan a proba)	3
Reescalado para poder comparar aspirantes de distintos accesos	3
Reescalado a puntuación final	4
Outras situacións menos frecuentes.....	5

Este documento só ten valor explicativo e informativo.

Non establece criterios de corrección senón que describe a implementación.

Non ten valor xurídico.

CORTE GLOBAL

Cada convocatoria pode ter un ou varios accesos: acceso libre e acceso mediante promoción interna. Adicionalmente é frecuente ter certa cantidade de prazas reservadas para aspirantes con discapacidade (cota de prazas por discapacidade).

En convocatorias con gran número de aspirantes é frecuente realizar varias quendas: mañá e tarde, con enunciados de preguntas diferentes.

NÚMERO DE PREGUNTAS. NÚMERO DE RESPONSTAS ALTERNATIVAS

De modo estándar, todas as preguntas das probas conteñen catro respostas alternativas, e en situacións moi particulares pode ser posible que conteñan tres respostas. En calquera caso, só unha das respostas será a correcta.

Dependendo do corpo que se examine, habitualmente cada exame contén entre 40 e 180 preguntas, frecuentemente no rango 80-140.

PREGUNTAS DE RESERVA

Habitualmente os exames inclúen un certo número (entre 4 e 10) preguntas de reserva. Só se teñen en consideración, a efectos de corrección/puntuación, se o tribunal acorda anulacións de preguntas principais. Se o exame contén partes diferenciadas (xeral e específica), as preguntas de reserva deben tamén corresponderse coas partes.

CÁLCULO DAS RESPONSTAS NETAS

Cada pregunta respondida de modo acertado sumara 1 resposta netas.

Cada pregunta errada terá un valor negativo restando 0,25 respostas netas.

As respostas múltiples (con dous ou máis marcas) contabilizaranse como unha pregunta errada.

CORTES PARCIAIS: PARTE XERAL E PARTE ESPECÍFICA

As bases da convocatoria poden establecer dous partes diferenciadas que habitualmente reciben a denominación de “parte xeral” e “parte específica”. Poderase establecer un corte diferente (nº de preguntas netas mínimas a alcanzar) para cada parte. Non superar algún dos cortes significa directamente non superar o exame.

É frecuente que conste o criterio de corte global: número de respostas netas mínimo para todo o exame que frecuentemente está entre o 20% e o 50% do número total de preguntas.

CORTE POR CUPO (LÍMITE DE ASPIRANTES QUE SUPERAN A PROBA)

En certas convocatorias pode constar un criterio de número máximo de aspirantes que poden superar a proba. Este criterio de corte calcúlase despois dos outros cortes.

En caso de empate en puntuación do último aspirante, superarán a proba todos os aspirantes empatados.

Nalgunhas ocasións a cota aplícase só aos aspirantes de acceso libre. E, noutras ocasións, aplícase aos aspirantes de todos os accesos (libre, promoción interna).

RESCALADO PARA PODER COMPARAR ASPIRANTES DE DISTINTOS ACCESOS

CORTE GLOBAL

Se nunha proba hai un criterio conxunto de corte por número máximo de aspirantes que poden superar a proba para varios accesos (acceso libre e acceso mediante promoción interna), será necesario para os cálculos reescalar o valor do número de respostas netas dos aspirantes de promoción interna para poder ordenalos.

O motivo é que habitualmente os aspirantes de promoción interna están eximidos da parte xeral, co que o seu exame contén un menor número de preguntas.

Para poder calcular unha ordenación dos aspirantes, o número total de respostas netas debe ser o mesmo, polo que deberase calcular unha nova puntuación para os aspirantes de promoción interna onde se multiplica polo número de preguntas de acceso libre e divídese entre o seu.

Por exemplo, nunha convocatoria onde o exame de acceso libre ten 180 preguntas; e o exame de promoción interna ten 110 preguntas:

Multiplicarase a puntuación de promoción interna por $\frac{180}{110}$

RESCALADO A PUNTUACIÓN FINAL

Nas bases da convocatoria constará a nota máxima da proba. Habitualmente é de 30 ou de 60 puntos. O aprobado corresponderá sempre á metade dese rango.

Co número de respostas netas débese calcular a nota final da proba, seguindo varios criterios:

- As persoas aspirantes que non superen algún dos criterios de corte parcial, obterán directamente unha nota final de 0 puntos.
- O resto de aspirantes suspensos obterán unha nota superior a 0 e inferior á metade da puntuación final. (Por exemplo: 0-14,99 ou 0-29,99)
- As persoas aspirantes que superaron a proba recibirán unha nota final na metade superior do rango. (Por exemplo: 15-30 ou 30-60)

Por tanto, haberá dous fórmulas de reescalado para a obtención da nota final:

- Unha fórmula para suspensos
- Unha fórmula para aprobados

A fórmula para reescalar un valor de nº de respostas netas para obter a nota final da proba é a seguinte:

- Para os opositores que obtiveran un nº de respostas netas **menor** ao establecidas no corte:

$$\left(\frac{\text{Nota máxima}}{2}\right)\left(\frac{RN}{RNC}\right)$$

- Para os opositores que obtiveran un nº de respostas netas **igual ou superior** ás establecidas no corte:

$$\left(\frac{\text{Nota máxima}}{2}\right)\left(\frac{RN - RNC}{N^{\circ} \text{ max. preguntas da proba} - RNC}\right) + \left(\frac{\text{Nota máxima}}{2}\right)$$

Sendo:

Nota máxima a nota máxima que se pode obter na proba.

RN o número de respostas netas que se corresponde co nº de respostas correctas do opositor, unha vez restadas as penalizacións por fallo ou respostas múltiples (restan 0,25).

RNC o número de respostas netas do corte que é o nº de respostas netas necesarias para superar a proba. Virá publicado na convocatoria ou ven na resolución do tribunal.

OUTRAS SITUACIÓN MENOS FRECUENTES

A puntuación final redondearase a dous decimais.

Por exemplo, nunha convocatoria de 100 preguntas, cun corte global de 45 preguntas netas e unha nota final máxima de 60 puntos:

Para unha persoa aspirante que non superou a proba, ~~con~~ 40 respostas netas, a nota será:

$$\left(\frac{60}{2}\right)\left(\frac{40}{45}\right) = 26,67$$

Para unha aspirante que superou a proba ~~con~~ 70 respostas netas, a nota será:

$$\left(\frac{60}{2}\right)\left(\frac{70-45}{100-45}\right) + \left(\frac{60}{2}\right) = 43,63$$